

DOMINGO 24 ORDINARIO CICLO A

PRIMEIRA Eclo 27, 33 - 28, 9

Perdoa ao próximo que che fai dano e concederáseche o perdón que pides

PROCLAMACIÓN DA PALABRA RECOLLIDA NO LIBRO DO ECLESIAÍSTICO

Xenreira e asañoamento son de aborrecer;
o pecador é quen os posúe.
Quen fai vinganza atoparase coa vinganza do Señor,
pedíralle razón estreita dos seus pecados.
Perdóalle a inxuria ao teu próximo
e entón ao pregares seranche perdoados os teus pecados.
Home que lle garda a outro xenreira,
como lle vai pedir ao Señor que o cure?
De alguén que é coma el non se apiada,
e vai rogar polos seus pecados?
Se el, que é carne, mantén a ira,
quen lle vai expiar as súas culpas?
Pensa na fin e deixa de asañoarte,
recorda a corrupción e a morte e cumpre os mandamentos.
Lembra os mandamentos e non rifes co próximo,
recorda a alianza co Altísimo e non deas valor á falta.
Tente lonxe das rifas e minguarás os pecados
pois é o home iracundo quen acende as liortas
e o home pecadento quen perturba aos amigos
metendo a disputa entre os que se levan ben.

SALMO RESPONSORIAL Sal 102, 1-2. 3-4. 9-10. 11-12

R/ (9): O Señor é misericordioso e clemente, tardo á ira e rico en mercedes.

Alma miña, bendice ao Señor
e todo o meu ser, o seu santo nome.
Alma miña, bendice ao Señor,
non esquezas os seus beneficios.

El perdoa as túas culpas
e sanda as túas doenzas;
rescata a túa vida da morte
e coróate de amor e de tenrura;

Non contende por moito tempo
nin se anoxa para sempre.
Non nos trata conforme aos nosos erros
nin nos paga conforme ás nosas culpas.

Canto se alza o ceo sobre a terra,
así é grande o seu amor para os que o temen;
canto dista o nacente do poñente,
así arreda de nós as nosas culpas.

SEGUNDA Rm 14, 7-9

Vivamos ou morramos, somos do Señor

**PROCLAMACIÓN DA PALABRA RECOLLIDA
NA CARTA DE SAN PAULO APÓSTOLO AOS ROMANOS**

Irmáns e irmás:

Ningún de nós vive para si, e ningún de nós morre para si. Se vivimos, para o Señor vivimos; e, se morremos, para o Señor morremos; así que, vivamos ou morramos, somos do Señor. Por iso mesmo morreu e resucitou Cristo: para ser dono dos mortos e dos vivos.

ALELUIA Xn 13, 34:

Douvos un mandamento novo, di o Señor; que vos amedes uns a outros como eu vos ameí.

DOMINGO 24 ORDINARIO CICLO A

EVANXEO Mt 18, 21-35

Non che digo que perdoes ata sete veces senón ata setenta veces sete

PROCLAMACIÓN DO SANTO EVANXEO SEGUNDO MATEO

Daquela, Pedro, achegándose a Xesús, preguntoulle:

- Señor, cantas veces terei que perdoar a meu irmán se me segue ofendendo? Ata sete veces?

Respondeulle Xesús:

- Non che digo ata sete veces, senón ata setenta e sete.

Por iso, o Reino dos Ceos é semellante a un rei que quixo facer as contas cos seus criados. Cando empezaba, presentóuselle un que lle debía varios millóns. E como non tiña con que pagar, o señor ordenou que o vendesen a el con muller, fillos e canto tiña, para que así lle pagase.

O servidor botóuselle aos pés e suplicáballe:

- ¡Ten paciencia comigo, que cho hei pagar todiño!

O rei tivo pena daquel home e deixouno marchar, perdoándolle toda a súa débeda.

Pero, ao saír, o criado aquel atopouse cun compañeiro que lle debía unha insignificancia e, agarrándoo pola gorxa, esganábao dicíndolle:

- Paga o que me debes.

Botándose aos seus pés, o compañeiro suplicáballe:

- Ten paciencia comigo, que cho hei pagar todo.

Pero non lle fixo caso e, aínda para máis, mandouno meter na cadea ata que lle pagase a débeda.

Os compañeiros, ao veren tal cousa, moi apesados, fóronlle contar ao rei todo o que pasara. Entón o rei mandouno chamar e díxolle:

- ¡Criado malvado! Eu perdoeiche toda aquela débeda, porque mo pediches. E logo non debías ti tamén compadecerte do teu compañeiro, como eu me compadecín de ti?

E todo anoxado, o rei entregouno aos verdugos ata que lle pagase toda a débeda.

Así tamén fará convosco meu Pai celestial, se non perdoades de corazón cada un a seu irmán.